PROGRAMACIÓN DOCENTE DE CONTRABAIXO (Cuadrimestres I e II)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

CURSO 2021-2022

”A preservación e mellora da saúde de todos convértese no obxectivo principal que ha de guiar a actuación de todas as Administracións públicas, e todas as actividades quedarán supeditadas á protección dese ben superior que é a saúde”. Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 e atendendo tamén a outras posibles enfermidades que poidan padecer os nosos alumnos/as, tanto a metodoloxía (presencial, semipresencial e telemática) como a avaliación (presencial, semipresencial e telemática) poderá verse afectada en función da situación sanitaria que vivamos polo que o alumno/a deberá atender as modificacións aquí introducidas.

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA *CONTRABAIXO (Cuadrimestres I e II)*										
ESPECIALIDADE:	Interpretación								ITINERARIOS:	Contrabaixo
CARÁCTER:	Obrigatoria								TIPO DE CLASE:	INDIVIDUAL
DEPARTAMENTO:	Corda fretada								XEFE DE DPTO.:	Diego Segade Blanco
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Nerea Casanova Gilsanz
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5
ECTS/CUAD.	9	9							Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS								EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA
	Nerea Casanova Gilsanz								nerea.casanova@gmail.com	Venres de 11 a 12h

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos do cuadrimestre anterior.	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxia principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese intentar tamén relacionar co resto das materias do currículo.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro anexo II	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1.-Desenrolar autonomía progresivamente na resolución de problemas técnicos no estudo individual.	T1-T2-T3-T6-T15-X8-X21-X24
2.-Adquirir progresivamente a facultade de interpretación de obras de diferentes estilos sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	T1-T2-X1-X11-X21-EI1-EI2-EI5
3.-Ter a capacidade de actuar en público con seguridade e control da situación.	T13-X6-EI1-EI4-EI10
4.-Interpretar en público un programa acorde co nivel amosando capacidade comunicativa e calidade artística.	T13-X3-X6-X13-X21-EI1-EI2-EI4-EI5-EI10
5.-Participar en todas as actividades propostas polo departamento de corda ou a directiva do centro, como implicación pedagóxica e educativa.	T17-EI6

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
TEMA 1- Disposición corporal	1.1-Posición do instrumento e do arco: Control muscular e técnicas de relaxación. 1.2-Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces. 1.3- Identificación, diagnóstico de problemas e procura de solucións.	1/5 parte de todas as sesións
TEMA 2- Man esquerda	2.1-Desenvolvemento da velocidade dos dedos da man esquerda. 2.2-Perfeccionamento do traballo das posicións da man esquerda e os seus cambios. 2.3-Dobres cordas e acordes de tres e catro notas, traballo da polifonía no instrumento. 2.4-Traballo sobre o vibrato para empregalo como un recurso expresivo apropiado a cada contexto musical.Tipos de vibrato	1/5 parte de todas as sesións
TEMA 3- Man dereita	3.1-Perfeccionamento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. 3.2-Coñecemento e perfeccionamento dos distintos golpes de arco como elementos de expresión musical. 3.3-Profundización no estudo das dinámicas, da precisión na realización das diferentes indicacións que a elas se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes. 3.4-Dobres cordas e acordes de tres e catro notas, traballo da polifonía no instrumento. 3.5-Perfeccionamento do control do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile). Velocidades do arco	1/5 parte de todas as sesións
TEMA 4- Parámetros estilísticos e de técnica instrumental	4.1- Interpretación de obras do repertorio do instrumento de dificultade acorde con este nivel académico. 4.2-Selección e dominio progresivo de exercicios e estudos útiles para o desenvolvemento da capacidade musical e técnica do alumno. 4.3-Desenrolo da comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis de xerarquía: motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc. para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva. 4.4-O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. 4.5-Desenrolo da capacidade de autodixitación e arqueo. 4.6-Desenvolvemento do hábito da autocrítica.	1/5 parte de todas as sesións
TEMA 5- Traballo individual e da memoria.	5.1-Adestramento permanente e progresivo da memoria. 5.2-Estratexias para estimular e desenrolar a concentración. 5.3-Mellora do estudo individual para a obtención de resultados eficaces e satisfactorios. 5.4-Traballo sobre a comprensión e memorización da obra a interpretar.	1/5 parte de todas as sesións
	TOTAL SESIÓNS POR CUADRIMESTRE:	16

Os contidos de Contrabaixo II serán os mesmos variando unicamente o nivel de esixencia dependendo do cuadrimestre a cursar.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN (presencial ou telemática)	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases individuais: 16 clases para traballar os contidos do cuadrimestre coa correspondente preparación por parte do/da alumno/a.	24	144	168
Clases maxistrais: Impartidas por intérpretes ou pedagogos doutros centros.	0	5	5
Concursos: Participación nas probas de pre-selección do departamento e finais da comisión pedagóxica para actuar como solista coa orquestra sinfónica do centro.	0	10	10
Audición de departamento: Unha porcentaxe do alumnado participará (elixido polo profesor por méritos), como intérprete, na audición do departamento que se realizará nos últimos 10 días do cuadrimestre. Cada alumno/a interpretará un/s movemento/s dalgunha das obras do repertorio a traballar coa asistencia e valoración dos profesores/as do departamento de corda.	0	47	47
Audicións/exames de aula: Formará parte das audicións ou exames propostos para interpretar unha das obras a traballar no cuadrimestre.	0	40	40
		TOTAL HORAS POR CUADRIMESTRE:	270H = 9 ECTS

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 e atendendo tamén a outras posibles enfermidades que poidan padecer os nosos alumnos/as, a metodoloxía a empregar estará dividida en tres opcións:

1.- **Docencia presencial:** na aula do centro na hora asignada.

2.- **Docencia semipresencial:** este tipo de docencia realizarase cando o alumno/a, se as condicións de saúde o permiten, teña que pasar un período determinado recluído no seu domicilio ben por mor dunha corentena ou por unha

afección debidamente xustificada. As clases realizaránse mediante plataformas online tipo SKYPE, ZOOM ou WEBEX e poderase pedir material adicional como vídeos ou audios se a calidade da docencia telemática non é optima. Esta modalidade semipresencial tamén pode ocorrer cos docentes xa que no caso de que teñan que pasar unha corentena sustituirán as clases presenciais por clases telemáticas ainda que se durante a corentena o docente recibe a baixa médica entón as clases serán anuladas.

3.- **Docencia telemática**: no caso de que se produza un confinamento total o alumno/a recibirá a súa docencia totalmente online no seu horario habitual para que non se produza ningún prexuizo de horario con respecto a outras materias. As clases realizaránse mediante plataformas online tipo SKYPE, ZOOM, WEBEX e poderase pedir material a maiores de vídeos ou audios se a calidade da docencia online non é optima.

Os contidos da programación adecuaranse ao número de sesións que puidera ter o alumno en cada cuatrimestre polas particularidades do calendario escolar, exceptuadas aquelas que teñan que ver coa inasistencia do alumno.

6. AVALIACIÓN PRESENCIAL			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Asistencia	Valorarase a asistencia e participación	T2, X1, EI6	10%
Estudo individual	Consecución dos obxectivos propostos	T1, T3, T6, T15, X8, X21, X24, EI2,	35%
Audición /Exame	Avaliarase a interpretación do repertorio (técnico e obras) acordado atendendo a parámetros técnicos e musicais.	T13, X3, X6, X11, X13, EI1, EI4, EI5, EI10	45%
Audicións de departamento	Asistencia como público ás actividades do departamento	T2, T17, EI6	10%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Recital/Exame	Avaliarase a interpretación do repertorio (técnico e obras) acordado atendendo a parámetros técnicos e musicais. A interpretación será do total do repertorio ou parcial, a criterio do profesor.	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) *(con máis de tres faltas pérdese a avaliación continua)*			
Recital/Exame	Avaliarase a interpretación do repertorio (técnico e obras) acordado atendendo a parámetros técnicos e musicais. A interpretación será do total do repertorio ou parcial, a criterio do profesor.	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (alumnos sen avaliación continua, para alumnos con avaliación continua esta será igual que a convocatoria ordinaria)			
Recital/Exame	Avaliarase a interpretación do repertorio (técnico e obras) acordado atendendo a parámetros técnicos e musicais. A interpretación será do total do repertorio ou parcial, a criterio do profesor.	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10	100%

Observacións: Para alumnos con avaliación continua haberá unha avaliación ordinaria e outra extraordinaria na que se aplicarán as mesmas porcentaxes. Neste tipo de avaliación será imprescindible para o aprobado acadar o 50% en cada un dos apartados.

No caso de alumnos sen avaliación continua (avaliación alternativa) a avaliación será igual independentemente da convocatoria elixida.

Para os alumnos que sexan presentados a Matrícula de Honra (para o cal haberá un tribunal formado por profesores do Departamento), ver Anexo con obras obrigatorias a interpretar.

Todo o repertorio deberá ser interpretado en exame ou audición, con acompañamento de piano agás causa de forza maior. A obra marcada deberá ser interpretada de memoria.

O alumno deberá aprobar os apartados de técnica e obras para poder superar a materia.

O repertorio obrigatorio será comunicado ó alumnado ó principio do cuadrimestre e aparecerá reflectido no caderno do profesor.

Procedemento de avaliación para a modalidade semipresencial e telemática:

Se durante o periodo de avaliación o alumno/a (ou a profesora) estivese a realizar unha corentena polo Covid, outra doenza xustificada ou debido a un confinamento total, dita avaliación realizarase de xeito telemático mediante plataformas online do tipo SKYPE, ZOOM ou WEBEX (a elección da profesora). No caso de que a calidade destas non sexa a óptima o alumno/a deberá realizar unha gravación, preferiblemente en vídeo. Para evitar unha posible manipulación neste arquivo, daráselle unha palabra chave antes de comezar dita gravación e así evitar calquera manipulación. Se, excepcionalmente e de xeito xustificado, o alumno/a tivese que desprazarse para dispoñer dunha boa conexión para o envío, contará cun prazo non maior de dúas horas.
Nas avaliacións semipresencial e telemática manteránse as probas e porcentaxes da avaliación presencial (ver cadro de avaliación presencial).

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDICATIVAS ESPECIAIS

Atendendo aos casos concretos adecuarase a resposta educativa á diversidade, tomaranse as decisións e adoptaranse as medidas que optimicen a acción educativa, responderase ás necesidades do alumnado e contribuirase á consecución das competencias das ensinanzas.

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

REFERENCIAS BÁSICAS (listado orientativo)

Exercicios e libros de técnica:

Simandl, F. (1987). *New Method for String Bass Part I and II.* Nova Iorque: Carl Fisher Inc.

Streicher, L. (1978) *Mein Musizieren auf dem Kontrabass* (volume 4). Viena: Doblinger Verlag.

Streicher, L. (1980) *Mein Musizieren auf dem Kontrabass* (volume 5). Viena: Doblinger Verlag.

Streicher, L. (2000). *Tonleiter und Akkordstudien für Kontrabass*. Viena: Doblinger Verlag.

Petracchi, F. (2000). *Simplified Higher Technique.* London: Yorke Edition.

Zimmerman, F. (1985). *A contemporary concept of bowing technique for the double bass.* Milkwaukee: Hal Leonard.

Coleccións de estudos:

Simandl, F. (1957). *Gradus ad parnassum: 24 studies for string bass.* Nova Iorque: International Music Company.

Nanny, E. (1921) *Vingt études de virtuosité.* París: Alphonse Leduc.

Nanny, E. (1931). *Dix études caprices.* París: Alphonse Leduc.

Montanari, C. (1994). *14 Stude.* Milán: Ricordi.

Sturm, W. (1963). *110 Studies.* Nova Iorque: International Musica Company.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS (listado orientativo)

Guettler, K. (1992). *A guide to advanced modern double bass technique*. Londres: Yorke Edition.

Morton, M. (1991). D*r. Morton's Double Bass Technique: concepts and ideas. Part I and II.* Columbus: Basso Profondo Publications.

Green, B. (1976). *Advanced techniques of double bass playing.* Cincinnati: Liben music.

9. OBSERVACIÓNS